



EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA
MULHERES

de Mercedes Vázquez Saavedra

REFECTORIO DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Do 22 de febreiro ao 31 de marzo 2019

Esta mostra é froito dun proxecto arredor das mulleres arrainas, da raia galego-portuguesa e, mesmo, da raia portuguesa-zamorá e até da raia galego-berciá e continuará.

Comezou en **Pitões das Junias (Montalegre)**, por ser unha aldea que conservou trazos do comunitarismo en parte dos veciños/as, pero, especialmente, nas mulleres de idade e noutras mulleres que foron fotografadas.


Despois de longas conversas e de convivir con elas na aldea, estableceuse unha corrente de irmandade moi forte coas MULLERES.

As mulleres da raia son mulleres fortes, moi traballadoras, que foron pais e nais, cando os homes marcharon. Elas coidaron do gando e da facenda, das casas e dos fillos, entón participaron nas trasfegas típicas das fronteiras. As MULLERES de **Pitões e Tourem** falan dos galegos/as, como se foran a mesma xente: son coma nós, o que é certo. As MULLERES de máis idade, as que roldaban os 100, contaron que as súas nais axudaran os escapados, despois da guerra dos españois e, incluso, algunha destas mulleres sendo mozas vixiaban cando as súas nais levaban os galegos polo monte, esa axuda foi por humanidade, elas non sabían de política:

- "Como non iamos axudar se eran galegos, os nosos irmáns"- . Contaron que algúns escapados estiveron nas casas e o doutor de **Tourem** axudou a todos, tiña os galegos na casa até que marchaban a embarcar.

Tamén fotografei as mulleres arraianas galegas, de **Gundimil e Requiáns**, mesmo na raia.

Mais outras foron as MULLERES coas que falei e fotografei, as mulleres de **Castro Laboreiro (Melgaço)**, mesmo na raia, tamén con costumes do comunitarismo. E, tamén, falei e fotografei mulleres do Soajo, Arcos de Valdevez etc. e outras mulleres galegas da raia, mesmo da **Mezquita**, lindeiras con **Vinhais** ou mesmo mulleres de **Río de Onor (Bragança)**, onde o comunitarismo foi importante ou as mulleres das aldeas arraianas de **Miranda do Douro** ou **Mogadouro**, etc. E, por outra banda, afondei na raia galega/O Bierzo e na raia galega/astur. etc. Pero neste caso, a exposición afondou nas mulleres de: Pitões, Covelães; Tourem, Requiáns, Gundimil, Salto, Soajo, Río de Onor, etc.



AD13_C001

180.0